

RAMÓN VILLAR PONTE, O DOUTRINARIO DO NACIONALISMO IRMANDIÑO

Emilio Xosé Insua

Ramón Villar Ponte (1890-1953) constitúe unha figura de grande relevo na historia da política, do pensamento e do ensaísmo galego da primeira metade do século XX, en perfecta complementariedade co seu irmán Antón, a quen acompañou e mesmo orientou en xeirás decisivas como a fundación das Irmandades da Fala, en 1916; a escisión da ING en 1922; a posta en marcha da O.R.G.A., en 1930; e, por último, o abrollar do Partido Galeguista e mais a campaña estatutaria galega durante a 2ª República. Chegou a ser alcalde da súa localidade natal durante varios meses en 1931, mais viviu tamén, na posguerra franquista, un duro “exilio interior”.

Home de estudo e reflexión, lector impenitente e profundo coñecedor das máis modernas correntes filosóficas e políticas do seu momento, Ramón foi, canda o Vicente Risco da *Teoría do nacionalismo galego*, un dos máis brillantes sistematizadores do ideario galeguista no período de pré-guerra, con obras como *Doctrina Nazionalista* (1921), *O sentimento nazonalista e o internazonalismo* (1927) e *Breviario da Autonomía* (1933). Todas elas foron elaboradas, ao igual que a súa *Historia sintética de Galicia* (1927; segunda edición en 1932), cunha metodoloxía que logrou aunar rigor conceptual, claridade expositiva, afán didáctico e eficacia proselitista.

As liñas mestras da súa evolución ideolóxica parten desde o xuvenil republicanismo pimargalliano até o rexo nacionalismo antiimperialista pero asemade de corte confesional da madurez, ben próximo ao de figuras como o seu grande amigo Ramón Otero Pedraio. Traballou con entusiasmo pola normalización da lingua e da cultura galegas desde as Irmandades da Fala, a editora ferrolá “Céltiga”, o Seminario de Estudos Galegos ou, finalmente, xa no período crepuscular da súa existencia, desde a Real Academia Galega, no boletín da cal deixou traballos sobre figuras intelectuais como Jesús Noya González, Leal Ínsua, Federico Maciñeira ou Nicomedes Pastor Díaz.

Ademais, a súa articulística resulta de vital importancia para comprender as dinámicas organizativas e os intensos debates ideolóxicos que viviu o nacionalismo galego na súa etapa auroral. Está espallada en publicacións emblemáticas do seu tempo como o decenario *A Nosa Terra*, o boletín *Rexurdimento* de Betanzos, o ourensán *La Zarpa*, o diario vigués *Galicia*, o xornal ferrolán *El Correo Gallego* (do que foi director en 1921), o xornal *El Pueblo Gallego* de Vigo, o boletín compostelán *Alento*, a revista mindoniense *Galiza* e aínda en publicacións da colonia galega emigrada en América, como *Céltiga* e *A Fouce*, de Buenos Aires, e *Terra Gallega*, o *Heraldo de Galicia* e o *Eco de Galicia*, de La Habana.

Ramón Villar Ponte naceu en Viveiro o 10 de xullo de 1890 e morreu na Coruña, vítima dun derrame cerebral, o 14 de setembro de 1953.

Foi o cuarto dos fillos do casal formado polo emigrante enriquecido Ponciano Villar Bermúdez (1842-1914) e por Melchora Ponte Peña (1852-1897). A prematura orfandade materna fixo que a súa educación e coidado recaesen nas tías Celia e Clementina, que tiveron moito a ver coa súa profunda devoción relixiosa católica, a diferenza do laicismo militante de Antón, seu irmán máis vello e único supervivente á desgraza da tise, que se abateu unha e outra vez sobre esta familia ceifando as vidas da nai e dos irmáns José Faustino (1880-1904), María de la Consolación (1884-1906) e M^a de la Natividad Jesusa (1892-1904).

Ramón estudou o bacharelato por libre no Instituto de Lugo e superou o preparatorio de Filosofía e Letras en Compostela. Xa entón participou de xeito destacado nunha campaña dos estudantes santiagueses, que rexeitaban a negativa dos académicos da Española a aceptar o ingreso na Corporación da condesa de Pardo Bazán. Tamén se iniciou no trato coas letras de molde nas páxinas de xornais como *La Voz de Viveiro*, onde publica en agosto de 1911 o artigo “Desigualdad irritante” queixándose da falta de apoios á iniciativa de conmemoración do primeiro centenario de Pastor Díaz, *El Eco de Viveiro*, onde glosa a figura do antecitado poeta romántico ou *La Idea Moderna*, de Lugo, onde edita o 6 de xaneiro de 1915 o seu “Cuento de Reyes”.

Redimido “a metálico” do servizo militar, estudou logo Filosofía e Letras na Universidade Central en Madrid, entre 1912 e 1916, tendo entre os seus profesores a Menéndez Pidal e a Asín Palacios. Nas aulas de Paleografía do Conde de las Navas experimenta o orgullo de ver citados como referentes bibliográficos fundamentais da materia algún dos traballos do seu parente, o ortegano Federico Maciñeira. Suministrando informacións de primeira man sobre o que acontecía na Villa y Corte, Ramón axudou a seu irmán Antón nos labores xornalísticos para *La Voz de Galicia*, como poñen de manifesto os artigos “Diseción del conflicto escolar” (6.12.1913) e “Por el mal camino” (25.11.1915) e concibiú con el, ademais, a idea de crear unha asociación para loitar contra a marxinação e estigmatización social do idioma galego, as futuras Irmandades da Fala. En palabras do propio Ramón, no seu discurso de ingreso na Academia Galega (1951), tratábase de “llevar a cabo, sen perda de tempo, unha laboura tenaz de recobro integral do propio verbo (...) pôr remate ao aguniar lento, pro continuo, de aquela lingua, a nosa, que tendo condicións pra sere o instrumento axeitado da revalorización e recreación de un pobo, paseniño se amorecía, adulteiraba i- era suprantada, antramentes que a persoalidade de qu'era verbo natural d'eispresión andaba a arrastrare unha vida amorfa”.

Das visitas ao domicilio de seu irmán Antón e de Micaela Chao, no nº 4 da rúa Rego de Auga, da Coruña, durante os períodos vacacionais estudiantís, xorde a súa relación afectiva coa súa cuñada, Teresa Chao Maciñeira, con quen casa en marzo de 1919. Con Teresa, que morrerá en 1956, tivo tres fillos: Jaime Villar Chao (1919-1995), que se doutorou en Química, deu clases na academia Dequidt herculina e emigrou definitivamente a América, primeiro a Cuenca (Ecuador) e logo a Cumaná (Venezuela), onde traballou como catedrático na Universidade de Oriente; José Ramón Villar Chao (1927-1965), que destacou na faceta pictórica, ilustrou libros de autores como Luz Pozo Garza e Ánxel Fole e colaborou como debuxante no xornal *El Ideal Gallego*; e, por último, Teresa Villar Chao (1924-2008), que gardou con mimo exemplar parte do legado documental e bibliográfico de seu pai e de seu tío e os entregou, pouco antes de morrer e grazas ás xestións da deputada Pilar García Negro, á Biblioteca do Parlamento de Galicia.

Na etapa inicial das Irmandades, Ramón desempeña un papel importante como activo membro do seu Comité de Acción Galeguista e como organizador do propio grupo coruñés. En decembro de 1917, fai parte da delegación que se despraza a Cataluña para negociar unha alianza

coa “Lliga catalanista” de Cambó de cara ás eleccións de febreiro de 1918. Intervén ademais en moitos mitins de espallamento, como os celebrados ao longo de 1917 en Lugo (28.1), Ferrol (11.2) e Compostela (13.5) e escribe asiduamente en *A Nosa Terra*, cunha liña ideolóxica moi firme, claramente rupturista co Rexionalismo, defensora da praxe monolingüe en todos os ámbitos e expresada en artigos de título ben elocuente, como “Nazionalistas, ¡a xuntarnos!” (25.1.1917), “O despertar nazionalista galego” (10.10.1917), “Verbas, non feitos” (5.9.1919), “Galegos contra Galicia” (15.6.1920), “Vai sendo hora” (25.9.1920), “Sinxela e francamente. Eu son arredista” (31.5.1921) ou “Hai que sere arredistas” (1.8.1921).

A maioría dos seus artigos desta época en *A Nosa Terra* poñen en destaque a importancia do idioma como signo distintivo da nación galega, critican o centralismo unitarista e o imperialismo asimilista do Estado español, poñen en solfa a actitude dos representantes dos distritos galegos nas Cortes, atacan o mal do localismo, reclaman o reinicio das obras do ferrocarril da Costa e outras medidas favorecedoras da economía galega, aplauden os avances e reivindicacións do catalanismo e esculcan a realidade europea e mundial, marcada pola 1ª Guerra Mundial e o Tratado de Versalles, á procura de feitos e actitudes das pequenas nacionalidades asoballadas que puidesen servir de guía ou exemplo na loita emancipatoria galega. O 5 de novembro de 1920, no artigo “Verba qu’obriga a moito”, Ramón adoutrina sobre as obrigas inherentes a quen se declare nacionalista galego: disposición a un apostolado constante, exercicio da irmandade, planificación das accións colectivas, firmeza no ideal, inflexibilidade e intransixencia perante os inimigos do país, disposición a todas as renuncias necesarias en ben da Causa...

Ramón instálase en 1921 en Ferrol para exercer durante varios meses, desde o 9 de xullo ao 3 de decembro exactamente, como director do xornal *El Correo Gallego*, mais a xenerosa acollida que dispensa a colaboradores nacionalistas e esquerdistas, as críticas que fai contra a censura de prensa, os aplausos ao catalanismo e a Miguel de Unamuno e o tratamento crítico que prodiga nas novas sobre a guerra de Marrocos, deixando en evidencia a incompetencia e os intereses espúreos que aniñaban en segmentos relevantes do estamento militar, fan que os donos do xornal, os irmáns Barcón, para nada partidarios desa liña editorial, prescindan rapidamente dos seus servizos.

Na súa etapa ferrolá, Ramón promove con Xaime Quintanilla, Nicolás García Pereira, Manuel Morgado, Manuel F. Barreiro, etc. o grupo irmandiño local, colabora co seu voceiro de prensa, o *Boletín Mensual da Irmandade da Fala do Ferrol*, e faise accionista da revista cultural ourensá *Nós*, que promove Vicente Risco. Na editora “Céltiga” traballa como xerente e contribúe a poñer na rúa un total de quince volumes, entre os cales cómpre citar a peza *Almas mortas* de seu irmán Antón, *Un ollo de vidro* de Castelao, a novela *Saudade* de Xaime Quintanilla, algúns “parrafeos” de Charlón e Hermida ou a súa propia *Doctrina nazionalista*, que aparece prologada polo presidente da Mancomunitat catalá Puig i Cadafalch. Algunhas das súas colaboracións en *A Nosa Terra* nesta época preséntanse asinadas co pseudónimo *Clodio Espasende* e outras moitas son reproducidas polos xornais galaico-cubanos *Terra Gallega*, *Heraldo de Galicia* e *Eco de Galicia*.

Presente e activo nas tres primeiras asembleas das Irmandades, na IV, a de Monforte (1922) adhire ás teses de Risco e ingresa na ING, creando unha agrupación da mesma en Viveiro. Ao ano seguinte é comandatado pola V Asemblea Nacionalista para estudar con Xaime Quintanilla a posibilidade de crear unha Confederación do Traballo Galego, para integrarse no Comité executivo da Confederación Agraria Galega e para manter contactos cos núcleos nacionalistas da colonia galega emigrada en Cuba. Nesta mesma época rexistramos a súa presenza como articulista no ourensán *La Zarpa*, no diario *Galicia* de Vigo e no boletín betanceiro *Rexurdimento*.

Durante a ditadura de Primo de Rivera, é dos poucos dirixentes da ING que dá mantido, en Viveiro, a continuidade dun grupo local nacionalista organizado, mais, dadas as limitacións para a acción política existentes, centra o seu traballo no labor xornalístico, enviando correspondencias de

tema galego aos xornais madrileños *El Sol* e *La Voz* e colaborando asiduamente co *Galicia* de Paz Andrade. Aquí aparecen varios artigos seus en 1924, agrupados so o título de “Liñas incidentales”, que permiten constatar o seu claro posicionamento contrario á Ditadura, que se expresan non obstante, por mor da censura imperante, con fórmulas peculiares: chamamentos continuos á rebeldía espiritual e á resistencia interior, exaltación da independencia de ideas e da tenacidade para mantelas, convites a persistir na fe galeguista e a reaccionar contra o cretinismo ambiente, etc.

Tamén se enfrasca entón o de Viveiro na elaboración de varios proxectos ensaísticos. Edita en 1927, da man de Ánxel Casal, a súa *Historia sintética de Galicia*, con prólogo de Vicente Risco. Ingresa ademais no Seminario de Estudos Galegos o 12 de febreiro de 1927 co traballo *O sentimento nazonalista e o internazonalismo*, que, lido na correspondente sesión por Xavier Prado en nome do autor, sería publicado logo durante o primeiro semestre de 1929, en catro entregas aínda que de xeito incompleto, nas páxinas de *A Nosa Terra*.

Por estes anos ditatoriais, colabora coa revista *Céltiga* de Buenos Aires, na que mantén entre 1927 e 1929 unha sección denominada “De unha banda a outra” e na que publica algunhas veces co pseudónimo *Amaro de Vilamelle* artigos de xorne político evidente, como “A futura confederación ibérica” e “Nacionalismo e Arredismo”. Tamén escribe para o xornal galaico-arxentino *A Fouce*, de liña ideolóxica “arredista”, onde evoca a figura do mariscal Pardo de Cela e defende o valor da lingua como manifestación sobranceira da nacionalidade, e mais para a revista bonaerense *Alborada*, onde publica o traballo literario “Peirao romántico” (1930). Ao mesmo tempo, asina sucesivamente varias seccións de artigos de opinión nas planas de *El Pueblo Gallego*, de Vigo, con rótulos como “Liñas incidentales” (durante 1927-1928), “Unhas liñas” (durante 1931) e “Verbas no vieiro” (durante 1932), ademais de moitos outros traballos soltos, case sempre de temática política, máis unha vez.

En 1929 ingresa, como seu irmán Antón e outros galeguistas, na O.R.G.A. e anima en Viveiro a Alianza Republicana, que desprega en colaboración cos socialistas liderados por Agapito García Atadell no verán de 1930 unha forte campaña contra o antigo cacique liberal e dirixente da Unión Monárquica Nacional José Soto Reguera. Desa campaña fan parte os artigos de Ramón “Berro de alerta” (11.2.1930) e “Ultraje que debe evitarse” (3.8.1930), publicados en *El Pueblo Gallego*.

Ramón actúa, ademais, a xeito de ponte entre o nacionalismo que permanece á expectativa, nunha posición accidentalista, e o que, en troca, ingresa na O.R.G.A. e aposta claramente pola mudanza de rexime, seguindo as orientacións de seu irmán Antón. Por iso cobra especial relevancia o artigo “A propósito de un manifesto” (*A Nosa Terra*, 1.4.1931), escrito por Ramón nas vésperas das municipais de abril de 1931 para tentar convencer a Risco, Otero Pedraio, Álvaro de las Casas e Castelaio, interpelados explicitamente, da necesidade de que abrazasen dunha vez por todas a causa do republicanismo...

Proclamada a 2ª República, Ramón Villar Ponte é designado alcalde en abril por orde gubernativa e exerce como tal durante varios meses, ata outubro de 1931, en representación da O.R.G.A. Nese tempo ten que padecer o “entrismo” no seu partido de elementos da “vella política” caciquil local (caso do exalcalde José Santiago Seijo) e a hostilidade dos concelleiros e das organizacións socialistas, que entenden que o seu desempeño da alcaldía non responde axeitadamente ás demandas da clase obreira en diversos conflitos nos que lle tocou facer de mediador.

Esta dura experiencia política na alcaldía, unida ás súas fondas conviccións relixiosas, empúrrano a abandonar a O.R.G.A., afiliarse ao PG a comezos de 1932 e a se converter nun dos galeguistas probabelmente máis decididamente contrarios a calquera pacto do seu partido con

Casares Quiroga, por unha banda, e coas forzas obreiras e/ou esquerdistas, por outra. Semellante posicionamento, expresado en artigos como “Nós Soilos” (*A Nosa Terra*, 25.8.1933) fan del un elemento relativamente marxinal dentro da orientación táctica do PG impulsada tras a derrota electoral de novembro de 1933 por Castelao e Alexandre Bóveda, se ben é certo que non secundará Ramón a escisión dereitista que liderará Filgueira Valverde.

Polo seu “arredismo” e pola publicación en 1933 do *Breviario da Autonomía*, exerceu Ramón, non obstante, algunha influencia de peso dentro da Federación de Mocidades Galeguistas (Celso Emilio Ferreiro, Xaime Isla Couto, Fernández del Riego, etc.) e, de feito, asistirá cos seus 44 anos cumpridos á asemblea constituínte da mesma, en 1934, e colaborará coa revista mindoniense *Galiza*, impulsada polo mozo Álvaro Cunqueiro. Tamén foi dos escasos galeguistas con carné que colaborou no boletín *Alento*, auspiciado en Compostela por Álvaro de las Casas, neste caso co artigo “Cousas do centralismo. A uniformidade docente” (nº 4, 1934).

En 1934 participa con Otero Pedraio na inauguración dun monumento ao Camiñante Descoñecido en Barallobre e, ao ano seguinte, axuda a seu irmán Antón e a Plácido Ramón Castro na tradución de dúas pezas do teatro do escritor irlandés e premio Nobel William Butler Yeats, *Catuxa de Houlihan* e *O país da saudade*, que ven lume da man da editora Nós co título de *Dous Folk-dramas*, facendo o volume LXIX do seu catálogo, e que serían reeditadas máis tarde (1977) na colección O Moucho das Edicións Castrelos, de Xosé M^a Álvarez Blázquez, co título de *Dous dramas populares*. Ramón exhuma, ademais, unha carta inédita de Eduardo Pondal ao maxistrado viveirense Parga Sanjurjo, glosándoa nas páxinas de *El Pueblo Gallego* (8.2.1935).

Cando se debata a participación do PG na Fronte Popular, a súa oposición a esa alianza convérteo en elemento marxinalizado ata no seu propio agrupamento local viveirense, dirixido agora por unha nova fornada de mozos (Balbino Cerdeiras, César Parapar Sueiras, Xavier Soto Valenzuela, etc.) e nas votacións internas do PG para a elaboración de candidaturas fica no posto 23, o que o deixa fóra das mesmas. Falecido seu irmán Antón en marzo de 1936, Ramón e a súa muller Teresa fanse cargo do coidado dos seus sobriños orfos, *Tonecho* e *Meliña*. Ramón, que reduce agora a súa dimensión pública a mínimos, envía non obstante a súa adhesión á xuntanza fundacional dunha Asociación de Escritores de Galicia e publica algún que outro artigo pro-autonomista nos días previos ao referéndum do 28 de xuño de 1936, como “Diante do plebiscito”, que veu lume en *La Voz de Galicia* o día 12 dese mes.

No Viveiro dese convulso tempo, Ramón fai tertulia a diario con significados elementos da Acción Católica local e falanxistas “camisas viejas” como Leal Ínsua, Salvador Pérez-Labarta Pillado, Alfredo Bermúdez de Castro Rebellón, etc., o que, sen dúbida, permite entender que, coa protección destes amigos e a dos curas párrocos, que testemuñaban a súa asistencia diaria a misa, ficase relativamente a salvo da represión máis dura unha vez comezada a tráxica guerra civil, o que non foi óbice para que borrasen o seu nome da listaxe de socios do Casino local ou lle fosen finalmente confiscados os seus depósitos bancarios. Nesa tesitura viuse obrigado a fundar en Viveiro unha academia de ensino privado para gañar o sustento.

Á morte da súa tía Clementina, que foi unha verdadeira nai para el, entendeu Ramón que xa nada máis o ligaba ao seu Viveiro natal e trasladouse definitivamente en 1942 á Coruña, cidade na que foi obxecto das iras represoras físicas das que safara ata ese intre. En 1952, un grupo de falanxistas que o recoñeceron nunha tarde en que regresaba á súa casa (Rúa Juan Flórez, 79, 2º esquerda), logo de traballar na Academia Galega, propinoulle unha tunda que o deixou encamado durante varios días. Sostén o investigador Monterroso Devesa a plausíbel tese de que a causa última desa agresión estribou na molestia que produciu en sectores da Falange o contido rexamente galeguista, expresado ademais en lingua galega, do seu discurso de ingreso na Academia, *A Xeración do 16* (1951).

Ramón dá aulas, para sobrevivir, en varios colexios privados coruñeses (Dequidt, Josefinas...), asiste á tertulia do bar Asturias para conversar con Juan Naya, Federico Zamora, Alfonso Tobío ou o pintor Abelenda e, na soidade do seu gabinete, alleo aos intentos de reorganización clandestina do galeguismo que protagonizan os homes da futura editorial Galaxia, escribe artigos de contido nacionalista para a prensa galega do exilio, que publica co pseudónimo *Licenciado Pravio*, e traballa na redacción de varios proxectos ensaísticos e literarios.

Algúns deles ven lume e obteñen recoñecemento, como o romance histórico *Mandeu*, recompensado co primeiro premio nos Xogos Florais betanceiros de 1946 e publicado no *Anuario Brigantino* en 1948; o discurso de ingreso na Academia Galega *A Xeración do 16*, que foi lido o 16 de xuño de 1951, contestado por Ramón Cabanillas e editado postumamente en 1977; os guiños de radio para o “Galician Programme” da BBC en que traballaba como locutor Plácido R. Castro, con títulos como “Curros Enríquez, o poeta da liberdade” (emitido o 17 de outubro de 1951), “Inglaterra vista por Pastor Díaz” (emitido o 5 de maio de 1952) e “Martín Sarmiento, precursor do galeguismo” (emitido o 6 de maio de 1953); o artigo “Lembranza de Cambados”, que ve lume no libro de Caamaño Bournacell *Estampas de Cambados* (1953); e, por último, a monografía *Días, hechos y hombres de la Real Academia Gallega*, que se edita en 1953 e que redixe en castelán seguindo directrices da propia entidade, presidida nesa altura por un vello detractor das Irmandades e excalde coruñés en dúas ocasións, Manuel Casás Fernández.

Outros traballos, en troca, ficaron inéditos en vida do autor e chegaron así ata o presente, como un volume sobre os “Continuadores do Rexurdimento” decimonónico; un ensaio sobre o historiador Benito Vicetto que foi premiado polo Centro Galego de Madrid; unha semblanza do sacerdote e escritor Eladio Oviedo Arce, coa que gañou un certame literario en Noia, en 1952; unha biografía de Manuel Murguía e unha recompilación de artigos xornalísticos e textos literarios da súa propia autoría que ía intitularse *Doas do meu colar*.

Maior fortuna póstuma tivo unha biografía do autor da “Égloga de Belmiro e Benigno”, que Ramón enviou inicialmente a Buenos Aires para que alí se editase, mais sen éxito, e que foi felizmente recuperada por un equipo de investigadoras coordinado por Xesús Blanco Echauri, logo distinguida no XIX Premio Ánxel Fole e por fin editada co título de *Nicomedes-Pastor Díaz, unha existencia exemplar* (2006). Tamén saú do ineditismo o ensaio *O feito lingüístico galego*, editado en 2001 pola AS-PG da man de Pilar García Negro e Goretti Sanmartín Rei, mais que constitúe en realidade un dos capítulos centrais dunha moito máis ambiciosa obra, *Historia da lingua galega*, que ficou lamentabelmente inacabada.

Conmemorando o primeiro centenario do nacemento de Ramón Villar Ponte, Justo G. Beramendi e Xosé M^a Monterroso Devesa prepararon en 1990 unha edición conxunta da *Doutrina...* e do *Breviario...* para as Edicións do Castro, editada ao ano seguinte, e semella lóxico agardar que durante 2016, ano en que se conmemora o primeiro centenario da fundación das Irmandades, reviva o interese pola súa obra e se susciten novas aproximacións a esta imprescindible figura que sobre o seu propio labor deixou estampado nas liñas aurais do seu discurso de ingreso na Academia Galega o seguinte: “Mail-o que ninguén me poderá negare é que todo, absolutamente todo canto eu fixen ou sigo facendo, se acha ategado de un amor a Galiza, de un intrés por Galiza que poderá igualar, pro nunca superar”.

BIBLIOGRAFÍA

ANÓNIMO: “La biblioteca de Ramón Villar Ponte donada al Parlamento de Galicia”, *Heraldo de Viveiro*, Viveiro, 23.2.2001, páx. 4.

ANÓNIMO: “Cúmprese medio século da morte de Ramón Villar Ponte”, *Heraldo de Viveiro*, Viveiro, 19.9.2003, páx. 1.

BERAMENDI, Justo G. (Ed.): *Obra política de Ramón Villar Ponte*, Ed. do Castro, Sada, 1991.

BERAMENDI, Justo G.: *De provincia a nación; historia do galeguismo político*, Eds. Xerais, Vigo, 2007.

CASAS, Augusto M^a: “Crónicas gallegas. Ramón Villar Ponte, educador del pueblo”, *El Heraldo de Madrid*, 15.5.1928, páx. 7.

GARCÍA NEGRO, Pilar: “Tribuna. Ramón Vilar Ponte (1891-1953)”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 14.9.2003.

ÍNSUA LÓPEZ, Emilio X.: “No cincuenta cabodano de Ramón Villar Ponte. Unha figura que reclama moita maior atención”, *Heraldo de Viveiro*, Viveiro, 3.10.2003, páx. 8.

ÍNSUA LÓPEZ, Emilio X.: *Antón e Ramón Villar Ponte: unha irmandade alén do sangue*, CILL Ramón Piñeiro, Cadernos n^o VII, Santiago, 2004.

MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Xurxo: “Ramón Villar Ponte, unha biografía posíbel”, en *Murguía. Revista Galega de Historia*, n^o 7/8, Santiago, maio-décembro 2005, pp. 115-128.

MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Xurxo: “Carta inédita de Castelao a Ramón Villar Ponte”, *A trabe de ouro*, Santiago, n^o 67, xullo-agosto 2006, pp. 407-409.

MARTÍNEZ GONZÁLEZ, Xurxo: “*Continuación*, artigo inédito de Ramón Villar Ponte na memoria do seu irmán Antón”, *Grial*, Vigo, n^o 177, xaneiro-marzo de 2008, pp. 64-67.

MONTERROSO DEVESA, Xosé-M^a: “¿Cara un Museu das Irmandades da Fala?”, *El Ideal Gallego*, A Coruña, 12.2.1978.

MONTERROSO DEVESA, Xosé-M^a, BERAMENDI, Justo G. *et alii*: “Villar Ponte, Ramón”, en *Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada*. Tomo 44. Vilan-Z, El Progreso-Diario de Pontevedra, Lugo, s.d., pp. 35-36.

MONTERROSO DEVESA, José-M^a: “A longa posguerra (1936-1953) de Ramón Villar Ponte”, en Centro de Documentación da AELG (<http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/jose-maria-monterroso-devesa/paratextos/5062/a-longa-pos-guerra-1936-1953-de-ramon-villar-ponte>).

SOUTELO VÁZQUEZ, R.: “A pegada dos irmáns Vilar Ponte no nacionalismo galego de antes da guerra”, *Anuario Brigantino*, Betanzos, n^o 24, 2001, pp. 261-281.

SOUTO RUBIÁNS, A. (pseud. de MONTERROSO DEVESA, X.-M^a): “Outeiro de San Xusto. As nosas efemérides/76. Lembranza dun adiantado”, *La Voz de Galicia*, A Coruña, 26.12.1976.

TOBÍO FERNÁNDEZ, Lois: *As décadas de T. L.*, Ediciós do Castro, Serie Documentos, n^o 110, Sada,

1994.

TORO SANTOS, Antonio Raúl de: *Galicia desde Londres*, Ed. Tambre, A Coruña, 1994.

TRAVIESO QUELLE, José: “Rúa del Villar. Un mártir de la causa”, *Hoja Oficial del Lunes*, Santiago, nº 1.718, 26.5.1980, páx. 21.

VILAVEDRA, Dolores (coord.): *Diccionario da literatura galega. Tomo I. Autores*, Ed. Galaxia, Vigo, 1995.